



Galicia

# GALICIA LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

LOITA polo TEU

## ÚNETE

ISSN 1989-3299

Nº 686 Semana do 11 ao 17 de xullo de 2016

**DOUS MINUTOS DE SILENCIO POLAS VÍTIMAS EN TODOS OS CENTROS DE TRABALLO**

## UGT CONDENA O ATENTADO DE NIZA

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores condena o atentado terrorista en Niza e traslada a súa solidariedade aos familiares das vítimas, das decenas de falecidos e centenaes de feridos.

UGT convocou o venres, ás 12 horas, concentracións nas portas dos centros de traballo para gardar dous minutos de silencio polas vítimas do atentado e contra o terrorismo.

O sindicato transmite tamén o seu pesar ás institucións e ao pobo francés que o xoves celebraba o seu Día Nacional e reitera o compromiso do movemento sindical, no seu conxunto, e das traballadoras e traballadores, aos que representa, en contra do terrorismo e dos actos violentos.

UGT manifesta a súa repulsa contra estas accións violentas que pretenden aterrorizar á poboación e que non teñen cabida en ningunha sociedade democrática.



## O PECHER DOS PXE EN XULLO SUPONERÁ MÁIS PARÁLISE ECONÓMICA E SOCIAL

**Redacción.-** UGT alerta sobre os novos recortes que supoñerá que o Goberno “en funcións” adiante o peche orzamentario dos ministerios, ao mes de xullo, 5 meses antes de finalizar o ano, para tentar controlar o gasto e contentar así a Bruxelas na súa esixencia de que España cumpra co obxectivo de déficit. O Sindicato que cuestiona a viabilidade e legalidade desta medida, crítica que un Executivo en funcións, que non deixa de facer trampas orzamentarias, adopte decisións unilaterais que nos comprometen a todos e prexudican ás persoas e reclama buscar o consenso con partidos políticos e interlocutores sociais.

O Goberno “en funcións” está a adoptar decisións unilaterais sen consultar con ninguén e que nos comprometen a todos os cidadáns. Para “salvar” os incumprimentos con Bruxelas, parchea e improvisa medidas para ver se así lle saen as contas. Unhas contas ficticias que foron denunciadas

como tal polo noso sindicato e unha gran maioría dos partidos políticos do ámbito parlamentario.

O Executivo “en funcións”, tras emendarse a si mesmo ao adiantar a recadación do Imposto de Sociedades (isto supón desfacer a reforma fiscal do ano pasado), volve emendarse ao prometer a Bruxelas unha nova estratexia de xestión orzamentaria, que supoñerá adiantar o peche orzamentario a xullo, cinco meses antes do previsto. Pretende así axudar a controlar o gasto pero esta medida, cuxa viabilidade é “cuestionable”, supoñerá a paralización da Administración case a metade de ano.

UGT critica esta nova frivolidade do Goberno en funcións do PP e esixe que se busque o consenso coas forzas políticas e os interlocutores sociais sobre temas de especial relevancia como este que nos afectan a todos os cidadáns e cidadás.

O sindicato considera que non hai que centrar o debate nos gastos, o que implicarán novos, inxustos, ineficaces e dolorosos recortes, senón nos ingresos. Neste sentido, demanda unha reforma fiscal integral máis xusta e con maior poder recadatorio. O obxectivo é preservar o Estado do benestar, uns servizos públicos esenciais e garantas de igualdade e un sistema de protección social que non deixe na cuneta a ninguén. E non que paguen sempre os mesmos.

UGT defende que este aumento da recadación non debe realizarse incrementando impostos aos mesmos de sempre, senón a aqueles que gañando máis, tributan, en proporción, bastante menos; perseguindo a elusión fiscal e a fraude fiscal. Só perseguindo a fraude fiscal poderían recadarse máis de 80.000 millóns de euros, un diñeiro que permitiría desenvolver políticas sociais e de emprego.

# DEBE FINALIZAR O USO INDEBIDO E EXCESIVO DO FONDO DE RESERVA DA SEGURIDADE SOCIAL

**Redacción.-** UGT e CCOO, tras a reunión mantida este luns pola Comisión de Seguimento do Fondo de Reserva da Seguridade Social, manifestaron que debe finalizar o uso indebido e excesivo do Fondo de Reserva. O nivel de consumo actual do Fondo ponno en risco de esgotamento anticipado. Ambas as organizacións consideran que debe actuarse de forma decidida para reforzar os ingresos do Sistema.

Finalmente, tras un ano sen ser convocada, reuniuse a Comisión de Seguimento do Fondo de Reserva da Seguridade Social.

A convocatoria responde ás peticións expresas realizadas en tal sentido por UGT e CCOO, tras a falta de atención á información solicitada sobre esta materia (a última vez no Consello Xeral de Seguridade Social o pasado 30 de xuño), en primeiro termo e, en segundo lugar, a disposición de 8.700 millóns do Fondo de Reserva o 1 de xullo, que coñecemos a través dun comunicado do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

A reunión centrouse, no marco das funcións da Comisión, no seguimento da xestión e utilización do Fondo, que corre a cargo previamente dunha comisión específica na que conflúen distintos ámbitos da Administración do Estado (ministerios de Economía, Facenda, Emprego e Seguridade Social, Banco de España,...)

CCOO e UGT trasladaron ao Secretario de Estado de Seguridade Social a súa desconformidade co nivel de información recibida sobre as disposicións que realizaron do Fondo de Reserva, o que dificulta o labor de supervisión e control que compete a cada marco de representación institucional, concretamente neste caso, á das organizacións sindicais.

Nesta dirección, ambas as organizacións expuxeron as seguintes cuestións:

1.A necesidade de que o Ministerio de Emprego facilite información detallada acerca das previsións de evolución dos ingresos e gastos da Seguridade Social para o próximo semestre, incluíndo as previsións precisas acerca dos factores que están



a determinar o desfase entre ingresos e gastos, así como, a magnitude prevista do mesmo para finais deste exercicio e a estimación da disposición do Fondo de Reserva que o Goberno prevé realizar nese momento.

2. Que, sobre a base da devandita información, así como, da que suplementariamente precisese, o Goberno convoque ás organizacións sindicais e empresariais para informarles detalladamente da elaboración dos Orzamentos da Seguridade Social para 2017.

3. Ante o vencimento da habilitación normativa para superar o límite do 3% nas disposicións do Fondo de Reserva, que o propio Goberno outorgouse para 2015 e 2016, UGT e CCOO:

1. Traslادaron ao Secretario de Estado a súa oposición a que o Goberno adopte unha nova habilitación para 2017 a través dos PXE.

2. E expuxeron que, ao seu entender, non se deberían outorgar futuras habilitacións que permitan dispoñer do Fondo de Reserva para financiar reducións dos ingresos por cotizacións derivados do fomento da contratación, así como, ningunha outra medida allea á natureza do sistema de pensións.

3. E que a Comisión do Pacto de

Toledo debería analizar a repercusión das políticas que proveñen do ámbito laboral (reformas laborais) ou do enfraquecemento doutros ámbitos da protección social (prestacións por desemprego) para comprobar se están a incidir negativamente sobre o equilibrio financeiro do sistema de Seguridade Social e son por tanto contraditorias co sostemento do sistema de pensións.

4. E, finalmente, expuxeron a necesidade de actuar nunha dobre dirección, garantindo ingresos suficientes ao Sistema de Pensións, dun lado, e preservando, por outro, ao Fondo de Reserva da Seguridade Social de disposicións maiores das que prevé a súa regulación (3% do gasto en pensións e administración das mesmas) e resultan estritamente necesarias. Esta última cuestión vense dando, con especial gravidade, durante os últimos anos

Todo iso sen prexuízo de que a Comisión do Pacto de Toledo analice en profundidade, como demandamos as organizacións sindicais, a necesidade de dispoñer, tanto a curto, como a medio prazo, de medidas respecto das cotizacións sociais que incrementen os ingresos da Seguridade Social, como de financiamento a través de transferencias do Estado, a cargo da imposición xeral, que resulte necesaria, e a necesidade de reverter e corrixir en profundidade a reforma de pensións de 2013.

## Os 2.500 MILLÓNS ANUAIS QUE SUBVENCIONAN A CONTRATACIÓN DEBEN DESTINARSE A PENSÍONS

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, afirmou que o Goberno debe deixar de subvencionar a contratación, xa que “a Seguridade Social non pode pagar pola vía da subvención á contratación o que necesita para pagar as pensións e estamos a falar duns 2.500 millóns anuais que se nos van por esa vía”. Así mesmo, avogou por retomar o Pacto de Toledo no Congreso dos Deputados. Medidas que hai que adoptar “no curto prazo” para salvagardar o Sistema Público de Pensións.

Álvarez, que fixo estas declaracións durante a súa intervención no programa de Carlos Herrera, na Cadea Cope, defendeu que as pensións de viuvez e or-

fandade se paguen a través dos Orzamentos Xerais do Estado e non a través da Seguridade Social, como se fai agora, e abrir un debate sobre novas vías de ingresos á Seguridade Social. Neste sentido, afirmou que as empresas tecnolóxicas que teñen menos persoal e contan con beneficios deberían contribuír a esta maior recadación á Seguridade Social (pois cando se creou o Sistema o número de traballadores era un elemento que marcaba bastante a riqueza que xeraba unha empresa). Así mesmo, avogou por cambiar a actual situación do mercado de traballo, pois ao baixar os salarios “de maneira estrepitosa”, tamén baixou “de maneira estrepitosa” a recadación da Seguridade Social.

O secretario xeral de UGT denunciou que de seguir a degradación do mercado de traballo “de aquí a un pouco para ir traballar vas ter que pagar” e manifestou que “nós somos un país que non queremos vivir perdendo cada día dereitos e benestar e, nese sentido, as pensións son un dos elementos clave que xogou de colchón nesta crise”. Afirmou que é posible manter o emprego, crear novo emprego e que este sexa de calidade, para mellorar a recadación para as pensións.

Así mesmo, afirmou que a constitución dun novo Goberno é moi importante porque a maioría dos cidadáns españois non pode esperar nin un día máis e necesitan reformas para abordar todos estes temas.

## UGT PIDE AO GOBERNO EN FUNCIÓNS QUE NON POÑA PARCHES E ABRA UN DEBATE PARA UNHA REFORMA FISCAL INTEGRAL



**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores insta o Goberno en funcións a debater sobre unha reforma fiscal máis xusta e con maior poder recadatorio e critica a frivolidade coa que o ministro de Economía e Competitividade en funcións, Luís de Guindos, anunciou o compromiso que contraeu con Bruxelas para establecer en 2017 un tipo mínimo nos pagos a conta do imposto de sociedades das grandes empresas.

Para o sindicato, non se trata de parchear para tentar resarcir un compromiso incumprido coa Unión Europea -o obxectivo de déficit de 2015- senón de deseñar unha política fiscal desde o consenso social e político que

permita a España crecer de forma estable e sostida no tempo, que permita contribuír ao cambio de modelo produtivo que defende a Unión Xeral de Traballadores e que necesita o país.

### A fiscalidade non pode ser utilizada como unha moeda de cambio

UGT esixe ao executivo en funcións que deixe de utilizar a fiscalidade coma se fose unha moeda de cambio. Hai que lembrar que o partido que o sostén fixo campaña electoral coa rebaixa de impostos -de novo porque xa o fixo e incumpruno tras as eleccións de 2011-.

É necesario apostar pola loita contra a fraude (recadar os 80.000 millóns de euros que se perden ao ano), garantir a suficiencia de recursos para atender as necesidades sociais e os gastos públicos e unha repartición xusta da carga tributaria nun país caracterizado por un gran desequilibrio entre as rendas, que se viu agravada durante os anos de crises.

UGT insta o conxunto das forzas políticas a abrir un debate inmediato sobre fiscalidade e lamenta que o executivo adopte medidas deste calado ás costas do futuro Parlamento, adquirindo compromisos unilateralmente e sen contar cos interlocutores sociais.

## A EVOLUCIÓN DO IPC É SÍNTOMA DUN CRECEMENTO ECONÓMICO FRÁXIL

**Redacción.-** A evolución descendente dos prezos en España (a taxa anual é do -0,8%) é un claro síntoma do fráxil crecemento da economía, baseada nun modelo esgotado, enormemente dependente de actividades estacionais e dos movementos do ciclo económico internacional e que propicia unha recuperación económica desigual que non chega ás familias e aos traballadores. UGT demanda políticas fiscais expansivas e incrementos salariais (incluído o SMI) e o establecemento dunha prestación de Ingresos mínimos para impulsar a demanda, o crecemento económico e o emprego de calidade. Así mesmo, insta a un novo modelo produtivo onde se relance o sector industrial. O sindicato critica a cerrazón da UE que insiste en políticas erróneas, como a rixidez á hora de cumprir os obxectivos de déficit.

Segundo os datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE), o IPC segue na súa senda descendente. A pesar de que a taxa mensual creceu o 0,5%, dúas décimas máis que no mesmo mes do pasado ano, a taxa anual segue en taxas negativas, no -0,8%.

A inflación subxacente, que mide a variación xeral de prezos descontando os alimentos non elaborados e os produtos enerxéticos, diminúe unha décima e sitúase no 0,6%, 1,4 puntos porcentuais por encima do IPC xeral.

Pola súa banda, no mes de febreiro a taxa de variación anual do IPC Harmonizado (IPCA) sitúase en -0,9%. Deste xeito,



o IPCA de España sitúase un punto porcentual por baixo da taxa media da eurozona, que repuntou ata o 0,1%, segundo o dato provisional. Isto tradúcese en que España leva 34 meses consecutivos rexistrando taxas de variación do IPC inferiores ás da eurozona.

## O EMPEORAMENTO DAS CONDICIÓNS DE EMPREGO E DE VIDA IMPULSAN A EMIGRACIÓN FORZOSA

**Redacción.-** Máis de 65 millóns de persoas no mundo víronse obrigadas a emigrar pola forza durante 2015. No Día Mundial da Poboación, que se celebrou o día 11 de xullo, a Unión Xeral de Traballadores esixe un cambio de políticas para que as persoas non teñan que abandonar o seu país, xa non só polas guerras ou a persecución, senón pola ausencia de expectativas de emprego ou de vida dignas. As políticas de austeridade dos últimos anos agravaron esta situación e no período 2013-2014 produciuse o maior éxodo en España, con máis de medio millón de persoas emigradas, e a poboación activa reduciuse en case 250.000 persoas. Para UGT, o novo Goberno non pode aproveitar esta realidade para asocialo, como fixo o anterior, ao "impacto positivo" que ten no desemprego e na pobreza, senón cambiar de políticas e buscar solucións urxentes ante este drama que afecta a miles de familias e que empeorou o Estado de Be-

nessar no noso país.

### Día mundial da poboación

No día Mundial da Poboación, unha vez máis, hai que lembrar que no ano 2015 hai máis de 65'3 millóns de persoas desprazadas pola forza no mundo. Segundo ACNUR, se estas persoas fosen un país, este sería o 21º máis grande do mundo. Turquía, Paquistán, Líbano, a República Islámica de Irán, Etiopía e Xordania, todos eles superando o medio millón de persoas solicitantes de protección internacional, son os principais países de acollida. E mentres tanto, a Unión Europea segue sen dar resposta á crise humanitaria que ela mesma xerou coa súa inacción e a falta de cumprimento das obrigacións internacionais.

As persoas abandonan os seus países

por diferentes motivos. O desprazamento forzado polas guerras, os conflitos, a persecución, a fuxida de condicións insoportables de vida ou o temor para perdela son algúns deles.

Pero tamén hai outras razóns para abandonar un país forzados polas circunstancias. Non alcanzan a gravidade das anteriores pero si son un indicativo de que algo vai mal cando a poboación toma a decisión de marcharse por ausencia de expectativas de emprego ou de vida dignas.

### España, un país de emigración

España nunca deixou de ser un país de emigración. Pero agora, este movemento de saída incrementouse, ligado directamente ao desemprego e o risco de exclusión social.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtg Galicia.org>

## É O MOMENTO DE REFORMAR A UE CARA AS PERSOAS

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, e o secretario de Internacional do sindicato, Jesús Gallego, participaron na reunión do Comité de Dirección Extraordinario da Confederación Europea de Sindicatos (CES) en Londres, co obxectivo de debater sobre os próximos pasos a seguir tras o resultado do referendo do Reino Unido, o Brexit.

Unha reunión na que a CES mostrou a súa decepción por este resultado, ademais de resaltar a súa preocupación polas posibles consecuencias, seguramente negativas, sobre o emprego e as condicións laborais para os traballadores británicos e europeos.

Neste sentido, o movemento sindical europeo reclama responsabilidade á Unión Europea (UE) e ao Goberno británico para que a turbulencia económica causada polo Brexit non repercuta sobre os traballadores. Hai que traballar de maneira conxunta para que este resultado non socave os cimentos da UE e non haxa unha Europa á carta.



A CES non vai permitir que os traballadores loiten uns contra outros e que haxa uns traballadores de primeira e outros de segunda. É imprescindible garantir unha Europa baseada na xustiza social na que os intereses de todos os traballadores estean protexidos.

Os cidadáns europeos necesitan unha Europa máis xusta e equitativa, crear máis e mellores empregos, aumentar os salarios e un programa masivo de investimentos para reconstruír

os servizos públicos e impulsar a senda do crecemento sustentable.

O futuro de Europa está en xogo. Se non se logra reconectar cos cidadáns, se non hai unha Europa para todos, haberá novos movementos anti-europeístas. É o momento para un cambio positivo e unha reforma da UE, que promova a transparencia, a democracia, a igualdade e o traballo decente e consiga un nivel de vida adecuado para todos.

## OS RISCOS DE RECESIÓN GLOBAL REQUIREN UNHA ACCIÓN COORDINADA DO G20 SOBRE SALARIOS E EMPREGO

**Redacción.-** Con ocasión do Cume Laboral 20 (L20), líderes sindicais instaron aos ministros de Traballo e Emprego do G20 reunidos en Beijing, a volver dar prioridade ao emprego e ao crecemento, centrándose nas mulleres e os mozos, ademais de apoiar o diálogo social e a negociación colectiva.

A Enquisa Novos Frontes da CSI 2016 revelou que o 45 por cento das familias traballadoras non poden participar na economía. Neste sentido, a case a metade da poboación en nove países do G20 (Arxentina, Canadá, China, Francia, Alemaña, India, Corea do Sur, Reino Unido e EE.UU.) non lle queda diñeiro para gastar.

Unha de cada dez persoas sinala que a súa familia está a quedarse marxinaada, e non teñen suficiente diñeiro para cubrir as súas necesidades básicas: vivenda, comida e electricidade.

Previsións realizadas a metade do ano mostraban que o crecemento global do PIB tense estancado. Agora existe un risco real de que unha recesión provocada polo Brexit veña a empeorar a situación.

"Os traballadores/as no G20 e no resto do mundo non poden permitirse unha recesión e un novo incremento do desemprego. Para a mocidade, en moitos países do G20, o risco dunha 'xeración perdida' é moi real", considerou John Evans, secretario xeral da Comisión Sindical Consultiva ante a OCDE (TUAC).

"Os Gobernos deben agora emprender accións coordinadas para aumentar o investimento público e incrementar os salarios, que mesmo as institucións internacionais empezan a darse conta resultan necesarias", indicou.

Os Líderes do G20 acordaron tres obxectivos prioritarios entre case mil compromisos políticos: - a ambición de elevar o PIB do G20 nun 2,1% para 2018; - o obxectivo de reducir a brecha nas taxas de participación de homes e mulleres nos países do G20, nun 25% para 2025; - o compromiso de reducir a porcentaxe de mozas que corren o risco de quedar excluídos permanentemente do mercado laboral nun 15% para o ano 2025.

O seguimento das políticas efectuado polo L20 no transcurso de tres anos mostra unha brecha persistente entre os compromisos e a acción dos gobernos respecto de empregos de

calidade, salarios máis xustos e un aumento da demanda agregada.

O Estudo de Seguimento do L20 en 2016 atopou que o 88% dos membros do L20 pensa que é necesario intensificar os compromisos políticos por parte do G20 para alcanzar o obxectivo de crecemento do 2,1%. O 43% dos membros do L20 pediron aos seus ministros que efectuasen unha completa revisión das súas políticas de emprego e outro 43% engadirían varias novas políticas.

"Necesitamos uns salarios mínimos cos que os traballadores e traballadoras poidan vivir con dignidade, temos que reforzar a negociación colectiva para asegurar tanto salarios adecuados como unha distribución da produtividade, e debemos poñer fin á evasión fiscal de maneira que podamos potenciar a protección social universal sobre a base dun piso de protección social. Isto constitúe tanto unha ferramenta de cohesión social e seguridade familiar como un estabilizador económico vital. Cando o leite en po para un bebé pode custar un mes de salario en certos países, as familias terán dificultades", dixo Sharan Burrow, secretaria xeral da Confederación Sindical Internacional (CSI).

## UGT RECLAMA UNHA LEI QUE IMPIDA QUE AS EMPRESAS MULTISERVICIOS EXPLOTEN AOS TRABALLADORES



**Redacción.-** UGT mostra a súa preocupación ante a proliferación das empresas multiservicios, que están a rebaixar as condicións laborais e salariais dos traballadores e as traballadoras e están a provocar competencia desleal entre as empresas. O sindicato está a impugnar convenios que rebaixan as condicións laborais e salariais e denunciando estas situacións, que as Inspeccións de Traballo confirman e sancionan. O sindicato insiste na derogación das reformas laborais que favorecen que nos convenios de empresa rebáixense as condicións pactadas nos convenios sectoriais e que se propicie unha lei para as mesmas, co fin de que se impida a explotación dos traballadores e teñan, polo menos, as mesmas condicións que os empregados das empresas cliente na que están a desempeñar as súas funcións.

A situación de camareiras de piso, con salarios que se sitúan ata o 40% menos do fixado no convenio provincial ou do sector (de 1.200 euros a 655,20 euros); traballadores subcontratados noutros países con contratos de prácticas para ocupar postos nos que deberían estar traballadores con contratos avalados pola lexislación do noso país, con mellores soldos e condicións laborais adecuadas. Estes constitúen exemplos denunciados polo sindicato e mostran a cara do que está a ocorrer coas empresas multiservicio no noso país.

A Unión Xeral de Traballadores mostra

a súa preocupación pola súa crecente implantación deste tipo de empresas que se caracterizan por ter un obxecto social amplo e diverso, e non encaixar nun sector concreto de actividade nin, por tanto, nun convenio sectorial e que se viron favorecidas por unha reforma laboral na que prevalece o convenio de empresa. Isto provoca unha deterioración das condicións dos traballadores e están a favorecer a competencia desleal entre as compañías. E estanse situando, mesmo, en mellor posición que as ETT, que si están obrigadas a aplicar, aos traballadores que contratan, as mesmas condicións de traballo e emprego da empresa na que prestan servizo.

Ante esta realidade, UGT está a interpoñer numerosas impugnacións nos convenios que non cumpriron coas mínimas garantías laborais e salariais recollidas na lei. Con todo, estas empresas aínda expoñen problemas xurídicos que non foron resoltos, como no relativo ás condicións de traballo e a determinación do convenio aplicable en cada caso.

Neste sentido, aplicáronse distintas solucións, pero o Tribunal Supremo sentenciou en 2015 que aos traballadores das empresas multiservicios débeseles aplicar o convenio colectivo da actividade principal da empresa, co fin de evitar o tratamento desigual para os empregados, cando a empresa multiservicios non teña convenio propio. A pesar diso, o sin-

dicato constatou que cando as empresas teñen convenio propio, adoita ser para rebaixar as condicións laborais pactadas nos marcos sectoriais.

Para UGT, resulta imprescindible que tanto as institucións como os partidos políticos e a propia cidadanía implíquense nesta problemática e non permanezan impasibles ante unha realidade que reduce os dereitos laborais, diminúe os salarios por baixo do convenio do sector, incrementa a xornada laboral, reduce as plantillas e crea espazos nos que se xoga coa estreita liña que separa a actividade legal coa ilegalidade.

O sindicato considera prioritario e urgente recuperar o equilibrio nas relacións laborais, denostado coas últimas reformas laborais, que están a aproveitar estas empresas para crear os seus propios convenios e eludir a protección que o convenio do sector ou o de empresa na que prestan servizos ofrece ao traballador.

Por iso, UGT reclama ao novo Goberno que derogue as reformas laborais, que están a producir efectos moi perniciosos tanto para os traballadores como para as empresas, e impulse a regulación normativa para estas empresas, nas que os traballadores teñan, polo menos, as mesmas condicións de traballo que teñen os da empresa cliente na que estean a desempeñar as súas funcións.

## A AUDIENCIA NACIONAL DESESTIMA A DEMANDA DE IMPUGNACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DE SEGURIDADE 2015-2016

**Redacción.-** A Audiencia Nacional desestima a demanda de impugnación do Convenio Colectivo de Seguridade 2015-2016, formulada pola Dirección Xeral de Emprego e considera conforme a dereito as cláusulas pactadas no mesmo que garantan o equilibrio salarial do convenio cando se pactan incrementos diferidos no tempo como compensación a renuncias salariais previas. Considera á súa vez que os dereitos recollidos en convenio relativos á subrogación dos traballadores non están sometidos á prioridade aplicativa dos convenios de empresa. (SENTENZA N.º: 118/2016 de 6/07/2016)

A Audiencia Nacional dá a razón aos asinantes do convenio (UGT, CCOO e USO e a patronal APROSER) fronte á impugnación planteada de oficio pola Autoridade Laboral ao entender esta que se limitaba a prioridade aplicativa dos convenios de empresa. Na sentenza, contra a que cabe recurso de casación, desestímase dita pretensión, porque o convenio impugnado non impide nin limita o réxime retributivo dos convenios de empresa, que terán prioridade aplicativa fronte ao sectorial desde a súa vixencia.

Pola contra, a Audiencia entende que

o que se pactou no convenio impugnado é un "negocio xurídico complexo" e diferido no tempo, polo que os traballadores renuncian a determinados complementos salariais pactados no convenio de 2015, a cambio de dous incrementos salariais en 2016, que compensan as perdas citadas, de maneira que, se se negocia un convenio de empresa, que minore o réxime retributivo do convenio colectivo estatal, a empresa terá que satisfacer os complementos salariais do convenio de 2015, que se integran no convenio impugnado, para asegurar o equilibrio alcanzado polos negociadores.

## MCA DEMANDA MEDIDAS PARA GARANTIR A ACTIVIDADE DO NAVAL EN VIGO, UNHA POLÍTICA INDUSTRIAL REAL E UN FONDO DE COMPENSACIÓN PARA OS TRABALLADORES

**Redacción.-** MCA-UGT-Vigo, xunto coas federacións homólogas de CIG e CCOO, reuníronse este mércores no Parlamento galego cos grupos do PSOE, AGE e BNG, dentro da folla de ruta marcada para conseguir axudas específicas para o naval na ría de Vigo e para os seus traballadores.

A estes grupos lles foi presentada unha proposta e liñas de actuación que pasan por instar á Administración galega a tomar as medidas que sexan necesarias para asegurar a actividade e o mantemento do tecido produtivo e económico que conforman no seu conxunto os estaleiros da ría de Vigo.

Á Xunta tamén se lle demanda que promova unha política industrial real para o sector naval, a través de accións coordinadas dende o consenso dos axentes sectoriais encamiñadas a definir unha estratexia sostible e de futuro para o con-

xunto do sector. Deberían contemplarse accións no eido do financiamento e o abalamento, na estratexia comercial, na identificación de nichos de actividade e en estímulos á demanda para asegurar o futuro do sector naval.

Ademais, esíxelle á Xunta a creación dun fondo de compensación co obxectivo de garantir a cobertura efectiva dos traballadores do sector, tanto nas prestacións económicas como as perdas sufridas durante os anos 2008/2018, cotizacións á Seguridade Social e revalorizacións das bases de cotización das pensións existentes e futuras, así como, axudas extraordinarias á reposición das prestacións e subsidios de desemprego para os traballadores do sector que esgotaron as súas coberturas en distintos expedientes de regulación, tanto temporais como extintivos.



Dende MCA-Vigo explican que, ademais das reunións mantidas este mércores co PSOE, AGE e BNG, xa hai uns días mantivéronse xuntanzas similares con varios representantes da Xunta das consellerías afectadas e co alcalde do Concello de Vigo.

## PREACORDO NO CONVENIO DE CONSERVAS DE PEIXES

**Redacción.-** Este martes, en Vigo, e despois de máis de ano e medio negociando, a maioría sindical, UGT e CIG, logrou romper a dinámica de bloqueo da negociación no convenio de conservas de peixes, asinando un preacordo que o Sindicato cualifica de moi favorable para os traballadores do sector.

Lógranse uns incrementos salariais moi razoables para os vindeiros anos, preténdese dar solución definitiva ao conflito da antigüidade sen cargos para os traballadores, evitando as reclamacións individuais e o conflito entre eles e as empresas.

No 2015 prorrogábase o convenio e a táboa salarial vixente a decembro de 2014, suprimindo o artigo 20, creando o plus de experiencia profesional e unha cláusula de dereitos adquiridos, ao que se lles adiccionarán 450 euros brutos ao ano. Para o 2016, as táboas salariais vixentes no 2015 se incrementarán nun 1,3 por cento. Posteriormente e nos próximos anos de vixencia do convenio, os salarios subirán un 1 por cento no 2017; 1 por cento no 2018; 1,5 por cento no 2019; e un 1,5 por cento no 2020.

Tamén se prevé que no 2016 o plus de experiencia profesional se transforme



nunha condición ad personam e créase para os que ingresaron a traballar no sector despois de 1994 un plus polo cal algúns poderán cobrar ata 750 euros brutos ao ano.

O preacordo mellora as licencias retribuídas. Por outra banda, as vacacións fíxense en 22 días laborables.

Hai que salientar que aínda non está todo pechado, pois trátase dun preacordo que terá que ser ratificado, chegado o caso, o vindeiro 19 de setembro.

A representación de UGT na negociación considera que a sinatura do preacordo abre outra dinámica na negociación, aínda que si é certo que hai algúns flecos en materia de redacción que haberá que corrixir antes da súa ratificación definitiva en setembro.

## UGT reitera a necesidade de implementar medidas de seguridade nos xulgados como o de Betanzos

**Redacción.-** FeSP-UGT-Xustiza reitera a necesidade de implementar medidas de seguridade nos xulgados das vilas ou pobos galegos para evitar situacións como a rexistrada o pasado mércores no xulgado de Betanzos que foi atacado con cócteles molotov.

Dende FeSP-Xustiza explicaron que os xulgados que están fóra das principais cidades galegas, como por exemplo o de Betanzos, Carballo, Viveiro ou Vilagarcía, entre outros, carecen de cámaras de seguridade que vixilen as instalacións, sobre todo, polas noites, convertíndose así estas sedes nun blanco fácil para este tipo de ataques.

Dende o Sindicato xa se reiterou a petición de medidas de seguridade para todos os xulgados en reiteradas ocasións. Petición que, á vista do sucedido, non foi atendida. A indefensión destes edificios provoca tamén a indefensión dos seus traballadores e de todo o material que alí se custodia, evidentemente, de gran importancia.